

A ARBOSA: UN ANACO DE HISTORIA E DE XEOGRAFÍA A TRAVÉS DUN CONFLITO TOPONÍMICO

Antón Prego Fernández

*Un legado de séculos non pode ser dilapidado
polo desinterese da xente e a actitude irresponsable
de autoridades locais e promotores.*

Gonzalo NAVAZA

INTRODUCCIÓN

Non podo dicir con precisión cando foi, pero en torno ao ano 2000 ou 2001 a Deputación Provincial da Coruña remodelou a sinalización viaria da estrada AC-4803. Foi nesas días cando os poucos veciños de vello do lugar da Arbosa, na parroquia de Boebre, observaron que se colocaran na estrada dous rótulos de indicación de lugar co nome de ‘*A Herbosa*’. Este feito foi obxecto de comentarios de todo tipo entre a veciñanza, quedando como sensación xeneralizada que os responsábeis da Deputación por algunha razón fixeron mal o seu traballo ou, simplemente, se enganaran. Algún veciño corrixiu pola súa conta os erros dos letrados e o tema foise esquecendo nas charlas entre parroquianos.

Pasaron os anos e o que subscribe, que ten vínculos moi estreitos co lugar da Arbosa, construíu casa e foi vivir alí coa súa familia. No ano 2005 solicitei no Concello de Pontedeume o empadroamento no meu novo enderezo. A sorpresa foi grande ao ver que de novo aparecía a denominación A Herbosa. Advertidos os funcionarios do erro, estes responderon que a denominación oficial era aquela, que así viña reflectida nun listado publicado no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) con carácter de lei. A sorpresa foi agora maior. O erro, que sen dúbida había, apuntaba a unha instancia superior á da Deputación.

O asunto comezou a causarme certas molestias por se reiterar a contradición entre a denominación real e a oficial do meu lugar de residencia: a renovación do DNI, a solicitude de servizos de teléfono, luz, auga..., a recepción de correspondencia con información contraditoria dentro e fóra do sobre por parte do propio Concello, as confusións á hora de informar o meu enderezo... A denominación A Herbosa estaba a aparecer xa en demasiados sitios e decidín poñer todo o posíbel da miña parte para tratar de recuperar o que se estaba a converter nunha grave perda no patrimonio toponímico e cultural do Concello de Pontedeume. Esta é a orixe do presente informe no que tratarei de defender a forma tradicional do topónimo A Arbosa, fronte á oficial de A Herbosa.

1. O CONFLITO TOPONÍMICO

1.1 A Arbosa versus A Herbosa

Existe un conflito toponímico cando hai contradición entre a denominación oficial e de uso obrigatorio dunha entidade xeográfica e a denominación de uso cotián entre os habitantes da mesma. No caso que nos ocupa a denominación oficial é A Herbosa, mentres que a de uso é A Arbosa.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG 14-07-1983), no seu artigo 10 establece:

1. Os topónimos serán como única forma oficial a galega.
2. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.
3. Estas denominacións son as legais para todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en todos os casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

Non hai dúbida de quen ten a responsabilidade e as competencias para determinar os nomes dos lugares, e tampouco hai dúbida de que as persoas encargadas de facelo se poden enganar ou, por algún motivo, facer mal o seu traballo. Vexamos, senón, a toponimia oficial do Concello de Pontedeume¹ e veremos como, ademais do caso que nos ocupa, aparecen outros como a existencia oficial dun Campolongo na parroquia de Andrade (San Martiño) e dun Campo Longo (*sic*) na de Vilar (San Pedro), e algunha ausencia notábel como a do lugar de Andaíó, con esta ou outra grafía, na parroquia de Boebre (Santiago).

A simple vista semella que hai datos dabondo para sospeitar que a determinación dos nomes oficiais deste Concello, e probablemente doutros, non está ben feita. Hai, polo tanto, un conflito toponímico que traerá como consecuencia, se non se soluciona, a perda dun elemento pequeno pero fundamental da nosa cultura local. Se deixamos que se perdan os nomes dos lugares estaremos a perder a memoria da terra e con ela un vínculo secular de moitas xeracións será roto e todo rematará cando algún axente urbanizador sen outro criterio que o económico cambie definitivamente os nomes auténticos por outros tan comerciais como ridículos; exemplos disto temos moitos nas proximidades.

Vexamos pois como é o proceso que leva ao ditame dun topónimo como oficial por parte da Administración.

1.2 A Comisión de Toponimia e o Proxecto Toponimia de Galicia

Para determinar os nomes oficiais dos topónimos, a Xunta de Galicia crea por decreto² a Comisión de Toponimia como órgano de estudo, asesoramento e consulta. Este organismo será pre-

1. Decreto 189/2003, do 6 de febreiro (DOG do 25 de marzo), polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña. Ver APÉNDICE I.

2. Decreto 43/1984, do 23 de marzo (DOG do 31 de marzo), polo que se regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia, modificado polo Decreto 174/1998, do 5 de xuño (DOG do 22 de xuño).

sido polo conselleiro da Presidencia e terá como secretario a Xermán García Cancela, coñecido lingüista. A Comisión de Toponimia quedará adscrita á Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Presidencia que lle prestará o apoio preciso para o desenvolvemento das súas funcións.

O procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia queda tamén regulado por decreto³ segundo o proceso seguinte:

1. Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia a determinación, por medio de decreto, dos nomes oficiais dos concellos e das súas capitais, das parroquias e das comarcas.
2. O resto dos topónimos aos que fai referencia o artigo 10.2 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, serán fixados por orde da Consellería da Presidencia, coa excepción das vías urbanas, competencia que é propia dos Concellos.
3. Nos dous casos previstos neste artigo será preceptivo o ditame da Comisión de Toponimia.

Ademais, no artigo 3.1 do mesmo decreto, indicase que *Os expedientes de recuperación ou fixación de topónimos iniciaránse por decisión do Conselleiro da Presidencia, a iniciativa propia ou da entidade local interesada, e no mesmo acto de iniciación recabarase ditame da Comisión de Toponimia.*

Como se pode ver, a responsabilidade de fixar os nomes das entidades menores que as parroquias, cal é o caso que nos ocupa, correspóndelle á Consellería da Presidencia despois do ditame emitido pola Comisión de Toponimia como órgano consultivo formado por expertos.

Non se pode dicir que o traballo que lle corresponde á Comisión de Toponimia sexa doado, xa que as características xeográficas de Galicia, a súa dispersión poboacional e o progresivo abandono do agro fan que o labor de recompilación e procesamento de datos (estímase que pode haber máis dun millón de topónimos) adquira dimensións faraónicas. É por este motivo que a Comisión de Toponimia promove o denominado Proxecto Toponimia de Galicia, no que se están a investir moitos recursos e que ten como obxectivo recoller toda a toponimia galega, incluída a microtoponimia, e confeccionar unha base de datos de referencia de utilidade nos distintos eidos, tanto na investigación como en todas aquelas actividades relacionadas coa información territorial. Neste ambicioso proxecto colaboran distintas consellerías e organismos dependentes da Xunta⁴.

O Proxecto Toponimia de Galicia nace no ano 2000 coa vontade de salvar o patrimonio toponímico considerado como parte da memoria interxeracional e “expresión da vinculación dun pobo co seu medio xeográfico ao longo da historia”⁵ que se encontra nun serio perigo de desaparición, nunha situación de “emerxencia cultural”. Este proxecto encóntrase dentro dunha liña de

3. Artigo 2º do Decreto 132/1984, do 6 de setembro (DOG do 21 de setembro), polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia.

4. Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública; Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal; Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5. Información obtida da páxina web oficial da Xunta de Galicia. www.xunta.es/galicia2003.

actividades e proxectos acometidos polo SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia), consistente na creación dunha gran base de datos onde cada topónimo será catalogado lingüística e xeograficamente, normativizado lingüisticamente co ditame da Comisión de Toponimia, localizado na cartografía desenvolvendo un Sistema de Información Xeográfica (SIG) e finalmente codificado para a súa utilización polos distintos organismos que traballan con información do territorio.

O SITGA foi quen deseñou un plan de acción para acometer a recollida de toda a toponimia existente no territorio de Galicia, como se desprende dun artigo publicado na revista dixital do Instituto de Economía e Xeografía⁶ no que se describe polo miúdo a metodoloxía empregada:

a) *Actuación e implicación no territorio*, considerando o concello como unidade territorial base de calquera tipo de actuación para a recollida da toponimia e considerando necesario o apoio dos diferentes axentes locais existentes na zona, en especial os departamentos de estudos estatísticos, de urbanismo e de cultura, así como os servizos de normalización lingüística como principias referencias para a implantación do proxecto e buscando acordos de colaboración entre distintas partes para a implementación dos recursos económicos e humanos necesarios para a realización dos traballos.

b) *Recollida de información toponímica mediante enquisa oral e localización do topónimo*, realizando unha “ficha de topónimo” feita a través de enquisa oral e rexistrando as características tanto lingüísticas como xeográficas, unha “ficha do informante” con caracterización da persoa enquisada e unha fotografía aérea cunha cuadrícula para a localización dos topónimos.

c) *Base de datos* onde se recollerá toda a información para a súa catalogación segundo criterios lingüísticos.

d) *Normalización Lingüística*. Cada un dos topónimos obtidos no traballo de campo é sometido a análise lingüística para determinar a súa correcta grafía e forma.

e) *Introdución no SIG* onde a información se dixitaliza e se introduce na cartografía empregando o software GEOMEDIA.

Segundo se desprende de todo isto, o Proxecto Toponimia realiza un labor encomiábel de servizo público, metodoloxicamente racional, seguramente moi caro e supostamente eficiente, no que a Comisión de Toponimia ten un papel máis ben secundario xa que está limitado á análise no despacho do material recollido ou escollido polo SITGA (ou a empresa contratada para o servizo) no terreo e que ademais, á vista do conflito que nos ocupa, os seus resultados no Concello de Pontedeume deixan moito que desexar.

1.3 A actuación no territorio e a recollida de datos

Consultado o señor alcalde de Pontedeume sobre o asunto no mes de xullo de 2005, este tomou nota escrita na súa axenda e dixo que se ocuparía. Foi entón cando eu decidín tamén ocu-

6. GARCÍA PAZOS, F., GALLEGRO PRIETO, M. e PRECEDO LEDO, A.: *Proxecto Toponimia de Galicia. Toponimia aplicada a la cartografía*. www.ieg.csic.es.

parme e facer as miñas pescudas. Consultada tamén a técnica do Servizo municipal de Normalización Lingüística do Concello, manifesta que este servizo municipal non ten comunicación de investigación de campo ningunha por parte de persoal da Xunta ou contratado por esta para determinar a toponimia do Concello; á vez que me ofreceu a súa axuda para tratar de buscar unha solución ao conflito.

Polo que parece, o punto a) da metodoloxía do SITGA non se levou ao cabo. Unha colaboración do Concello nun proxecto de tal envergadura sería coñecido non só polos departamentos municipais implicados senón tamén pola masa electoral. Descoñezo se houbo iniciativas de contacto por parte do SITGA ou se estas foron rexeitadas polo Concello, pero este mal comezo do proceso presaxiaba un mal final.

Polo que respecta á recollida de información toponímica mediante enquisa oral, os veciños do lugar da Arbosa, principalmente os descendentes dos colonos que traballaron as terras do lugar ao longo de varias xeracións (familia Santos) e os herdeiros dos propietarios ocupantes centenarios do lugar (familia Prego), que son os que poderían ter datos ao respecto, non foron consultados como informantes na elaboración do nomenclátor oficial. Estas persoas poden achegar importantes informacións, non só a prol do topónimo, senón tamén do territorio que este abrangue. O que significa que as denominadas “fichas de topónimo” e “fichas de informante”, ou non se fixeron, ou están incompletas se non se teñen en conta as valiosas informacións que estas persoas poderían achegar. Fallo tamén no punto b).

Ignórase, pois, como puido o SITGA chegar ao punto c) da súa metodoloxía: a creación dunha base de datos, sen pasar antes polos dous pasos anteriores. Tendo en conta, ademais, que nesa base de datos *establécese unha codificación lingüística propia en función dos problemas léxicos, gráficos, fonéticos ou morfosintácticos derivados dun estudo do topónimo e establécense uns criterios de revisión lingüísticos que facilitan a toma de decisións da Comisión de Toponimia*⁷. A impresión que temos é que foi neste punto do proceso onde se *colou* de maneira incomprensíbel a denominación de A Herbosa no canto de A Arbosa, quizais por exceso de automatismo na toma da decisión, quizais por defecto na recollida de información, seguro que por unha falta absoluta de rigor.

1.4 A documentación escrita

Se a ausencia de enquisa oral é manifesta, a ausencia de documentación escrita que xustifique a decisión da Comisión de Toponimia é patente⁸.

Até o de hoxe non existe outra obra que trate o tema da toponimia no Concello de Pontedeume que non sexa a de Isidoro Millán González-Pardo⁹, este estudo foi feito por encargo

7. Íbid.

8. A este respecto hai novidades publicadas tras a data de remate do presente artigo en abril de 2007. Trátase dun traballo publicado no nº 14 da revista *Cátedra* no mes de xuño do mesmo ano e que comento polo miúdo nun post scriptum ao que remito tras a lectura do presente parágrafo.


9. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla y Alfoz* Diputación de A Coruña 1987.

co gallo da actualización do nomenclátor de 1986 e ben puido ser utilizado como referente polo SITGA ou pola Comisión para ditaminar a toponimia oficial deste Concello, pola súa exhaustividade e polos seus comentarios etimolóxicos, aínda que algúns poidan ser hipotéticos. Non obstante, nesta obra non aparece mención ningunha ao lugar da Arbosa, pero tampouco ao da Herbosa. Na actualización de 2003 aparece a maiores ese lugar e mais o de Ver en Boebre, e outros novidosos noutras parroquias, quedando outros nomes de igual ou maior importancia fóra da lista. quen foi consultado para a selección de topónimos do nomenclátor?

Tampouco aparece ningún tipo de mención ao lugar en fondos documentais máis antigos, polo menos dos publicados até o momento. Non se menciona na detallada descrición do concello e as súas freguesías que fai o *Catastro de Ensenada*¹⁰, tampouco no *Libro Rexistrador do Concello de Pontedeume*¹¹, nin a *Descripción de la Villa de Pontedeume* de Soraluze Blond¹². Polo que respecta ás referencias aínda máis antigas, posto que a igrexa de Boebre pertenceu ao de Caaveiro, a busca entre a documentación do *Tombo de San Xoán de Caaveiro* deste mosteiro foi igualmente infrutuosa¹³.

No Arquivo dos herdeiros de García Novoa existen referencias documentais da existencia do lugar da Arbosa que aparece así escrito ininterrompidamente en diversos documentos mercantís desde polo menos o 15 de xaneiro de 1855¹⁴ (Ver ilustración 1). Mesmo existe un rexistro de arrendamento iniciado no ano 1912 así como unha descrición detallada do lugar de 1931¹⁵. Se a Comisión de Toponimia ten coñece-

Ilustración 1



10. DAVIÑA SÁINZ, S: "Pontedeume a través del Catastro de Ensenada". *Cátedra*, nº8, Pontedeume 2001. "Las Parroquias de la jurisdicción de Pontedeume a través del interrogatorio del Catastro de Ensenada". *Revista Cátedra* nº9, Pontedeume 2002.
11. LÓPEZ CALVO, A: "O Libro Rexistrador de Propiedades do Concello no fondo de Patrimonio do Arquivo Municipal. Un apuntamentos sobre Pontedeume e o seu alfoz no século XVIII". *Revista Cátedra* nº4, Pontedeume 1997.
12. SORALUCE BLOND, J.R.: *Descripción de la Villa de Puente de Heume. Año de 1798*. López Torre Editor, Pontedeume 1ª ed. 1984.
13. FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J.I., GONZÁLEZ BALASCH, M.T.: *El Monasterio de San Juan de Caaveiro*. Ed. Deputación Provincial, A Coruña 1999. Apéndice IV. Índice toponimico. Páx. 385 ss. "Pergamiños soltos do Mosteiro de Caaveiro". *Revista Cátedra* nº9, Pontedeume 2002.
14. *Andrés da Leyra y su mujer Josefa dos Cazás vecinos de Santiago de Boebre, Lugar da Arbosa (...) venden con pacto de retrocesión que se expresará a Doña Juana Martí (...) diez ferrados de viña parra y labrado, al sitio da Arbosa*. Escritura de venda e retrocesión, 15 de xaneiro de 1855. Arquivo herdeiros de García Novoa.
15. *Libro de rentas y pensiones forales, pertenecientes a la Casa García Novoa de Puente de Heume. 2º Tomo: Mugar dos, Puente de Heume y Villarmayor*. Arquivo herdeiros de D. Ignacio Novoa.

mento dalgunha referencia documental anterior ao ano 1855 debería informar ao Servizo municipal de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra.

1.5 Documentación xeográfica

En consultas a diversas enciclopedias, atlas e monografías sobre xeografía de Galicia aparecen os dous topónimos obxecto de controversia referidos a accidentes xeográficos e lugares diferenciados.

Así pódese atopar Arbosa como punta litoral xunto a enseada da Barda na parroquia de Brantuos do concello de Ponteceso¹⁶, e tamén como punta litoral na península do Morrazo ao leste da punta Cagadoiro no de Bueu¹⁷ (Ver ilustración 2). Herbosa aparece tamén como punta litoral na parroquia de Mogor no de Mañón¹⁸ e como un illote e punta fronte á praia de San Xurxo en Ferrol¹⁹, o que demostraría a existencia de ambos os dous topónimos aplicados en lugares distintos, pero non xustificaría a aplicación de dous nomes distintos para o mesmo lugar e nin sequera a substitución dun a favor do outro.




Ilustración 2. Punta Arbosa no Concello de Bueu

Ademais existe o topónimo Arbosa noutros lugares como no Principado de Asturias, referido a unha pena próxima ao cabo de Peñas e tamén a unha praia do termo de Valdés na mesma comunidade. Mesmo, por afinidade, atopamos o municipio de Arbós ou L'Arboç na provincia de Tarragona cun nome certamente moi semellante.

É evidente que o topónimo Arbosa, con ou sen artigo, non é infrecuente.

16. CAÑADAS, S.: *Enciclopedia Galega*. El Progreso-Diario de Pontevedra. Lugo 2003. PEREZ RUÍZ, X.A. dir.: Enciclopedia Galega Universal. Ir Indo. Vigo 1999.

17. FERNÁNDEZ GURRIARÁN, C. coord.: *Atlas de Galicia*. Vol. 1. Ed. NOS, Ed. Sálvora. Santiago 1982. páx. 16 coord. D-6.

18. PEREZ RUÍZ, X.A.: cit.

19. Íbid.

2.6 A Arbosa e os criterios da Comisión de Toponimia

Todos os datos expostos até o de agora veñen confirmar a existencia dun caso de deturpación toponímica no conflito que nos ocupa, e levan a albiscar as súas causas. Non obstante, a Comisión de Toponimia sempre pode alegar no seu descargo que a da Herbosa é a *forma galega* conforme aos seus criterios técnicos.

Non é a miña intención vulgar cal pode ser a *forma galega* que ten que ter un determinado topónimo para ser considerada *única forma oficial*²⁰, para tal fin foi creada a Comisión de Toponimia e doutores ten a Igrexa. O que si se pode facer, mesmo sen ser un experto na materia, é unha lectura do noso topónimo á luz dos criterios técnicos que sen dúbida ten a Comisión e que mesmo o que subscribe pode chegar a comprender.

É de supoñer que esta comisión traballa con base nuns determinados criterios, o problema é que estes foron solicitados por correo electrónico no enderezo toponimia@xunta.es e a resposta recibida foi de silencio electrónico. Non obstante, podemos atopar nun volume titulado *Nomenclator de Galicia. Ourense*²¹ os criterios que a comisión tivo en conta para o ditame da forma dos topónimos nesa provincia, e podemos dar por seguro que na da Coruña van ser os mesmos. Analicemos o caso segundo eses criterios:

- *Fidelidade ao uso vivo actual. Isto supón que se respecta a variante dialectal local de cada nome de lugar.* O uso vivo actual no lugar e nos arredores é A Arbosa e non A Herbosa. Aínda que, por estar establecido como oficial no Nomenclátor, estase a estender de xeito contaminante o uso da segunda forma, especialmente na escrita (cartografía, censos, bases de datos, correspondencia...), pero tamén na falada por persoas alleas ao contorno máis próximo. Ademais non existe confusión posíbel por variantes dialectais de tipo local.

- *Cando conviven na fala varias realizacións fonéticas do mesmo topónimo, optamos pola forma máis etimolóxica ou a coincidente co galego estándar.* Até o de agora non ocorreu que conviviran varias realizacións fonéticas diferenciadas, e ambas as dúas existen como topónimos en distintos lugares de Galicia e de fóra. Por outro lado para que unha forma entre dentro do galego estándar non haberá máis que estandarizala, e para facelo será preciso o correspondente sustento etimolóxico para o que ofrecemos tres opcións argumentais para defender a autenticidade da forma A Arbosa:

- a) Poderíase tratar dun fitónimo de tipo abundancial construído a partir do substantivo *árbore* co sufixo *-osa*, grupo de topónimos do que dá conta Fernando Cabeza Quiles²² e que abundan nos arredores (A Barrosa, no mesmo Boebre e Ventosa, na veciña parroquia de Centroña). Para este argumento non valería como xustificación engadida o feito certo de haber no lugar abundancia de piñeiros e de castiñeiros, xa que os cultivos das terras do lugar puideron variar ao longo do tempo.

20. Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística.

21. Comisión de Toponimia: *Nomenclator de Galicia*. Ourense. Ed. Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia e Administración Pública. A Coruña 1996.

22. CABEZA QUILES, F.: *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*. Edicións Xerais. Vigo 1992.

- b) Tamén pode ser un derivado do latín *arvum*, “labradío”²³. Esta posibilidade pode ter sentido tamén pola presenza de numerosas leiras de labradío, documentadas dende vello, ademais dos montes referidos no apartado anterior.
- c) A outra opción sería poñer en relación todos os topónimos Arbosa que aparecen pola costa atlántica e cantábrica baixo a raíz común preindoeuropea *arbel*=pizarra²⁴, o que non sería en exceso ousado, pois a abundancia deste mineral é manifesta nos próximos acantilados costeiros, e mesmo existen nas proximidades restos dunha vella canteira.

- *Non se reproduce na escrita a gheada. Tampouco se reproduce o seseo nas formas que coinciden coas do léxico común.* Non parece que haxa confusión por estes fenómenos que faga preferíbel a forma oficial por enriba da auténtica.

- *Cando a forma viva está deturpada por castelanismo, a comisión atívose á documentación antiga.* Na forma viva A Arbosa non parece que haxa castelanismo xa que non se atopa este termo no dicionario da RAE. O que si aparece en cambio é *Herboso*, -a (adx. Poboado de herbas), que faría esta opción sospeitosa de castelanismo. Ademais, xa quedou dito máis arriba que existen documentos escritos que avalan o uso de vello da forma viva A Arbosa nas variantes con e sen artigo e na variante con contracción, mesmo en documentos redactados en castelán (*lugar da Arbosa*, ver ilustración 1). Non se trataría, pois, dunha polémica do tipo A Coruña-La Coruña na que non hai nada que discutir aínda que moitos teimen en facelo.

- *Desde o punto de vista ortográfico, o criterio é ser congruentes coas grafías históricas do galego común.* Nos casos concretos en que un topónimo posúa unha tradición gráfica non coincidente coa histórica, valoramos a forma tradicional sempre que non constitúa unha flagrante castelanización. Neste caso a tradición gráfica existente é de máis de 150 anos para o topónimo Arbosa, e onde podería haber sospeitas de castelanización é precisamente na denominación oficial, polo exposto no parágrafo anterior. Ademais, non parece ser este caso de debate ortográfico como pode ser o de Xubia ou Xuvia, ou o máis próximo de Ver (oficial) ou Ber, a propósito do cal chama a atención como na guía telefónica aparece a forma non oficial con *b*, mentres que no noso caso aparece a forma oficial A Herbosa.

- *Cando a denominación dunha entidade de poboación só presente na fala unha forma deturpada e non se coñeza documentación escrita da forma lexítima galega, procuramos harmonizala coa correspondente do galego estándar ou a forma tradicional na respectiva área lingüística.* Por que habería de considerarse deturpada a forma Arbosa cando existe na documentación escrita, pódese xustificar etimoloxicamente e aparece con certa frecuencia noutros lugares? Foi esa

23. Cfr. Celtiberia.net. Na sección adicada neste portal á toponimia hai un foro no que se trata o tema do topónimo A Arbosa con interesantes achegas de filólogos.

24. ALTUNA, A.: *Pais Vasco. El parentesco del euskara con otros idiomas.* galeon.hispavista.com. Actualizado até 14/09/03. O topónimo Arbosa aparece nunha extensa relación de nomes de lugar de orixe preindoeuropea ou vasca recollidos polo historiador B. Estonés Lasa nunha ampla zona que abranguería dende Granada e a cunca do Júcar, subindo pola costa cara a Catalunya, Tarragona (Arbóc), Lleida, Pirineos, Cantabria, Asturias (Arbosa), Galicia e Portugal. O parentesco do idioma vasco con outros é un feito que ninguén discute e que vén avalado polo método Swadesh léxico-estatístico ou glotocronolóxico e asumido polo prestixioso estudoso da lingua castelá J. Sedycias (www.sedycias.com).

harmonización a que causou a deturpación? Por que habería de considerarse máis lexítima galega, en fin, a forma Herbosa?

1.7 Conclusións

Á vista do exposto pódense obter as seguintes conclusións:

- Queda constatada a presenza do topónimo inexistente A Herbosa no nomenclátor oficial, estendido xa a outros documentos como censos, mapas, listados e bases de datos, así como a ausencia no mesmo do topónimo A Arbosa e doutros desta e doutras parroquias do concello de Pontedeume.

- Que hai unha contradición entre as denominacións tradicional A Arbosa e a oficial A Herbosa que trae como consecuencia un conflito e numerosas molestias para os veciños do lugar polas confusións creadas innecesariamente.

- Que non se fixo enquisa oral nin investigación documental ningunha que xustificase o ditame, e este non se axusta aos criterios da Comisión de Toponimia.

- Que o Nomenclátor do Concello de Pontedeume está mal feito e existe un risco evidente de perda patrimonial pola desaparición dunha forma toponímica galega debido a unha evidente falta de rigor á hora de ditaminar as denominacións oficiais deste concello atribuíbel ás institucións que teñen a obriga de salvagardar o patrimonio toponímico do concello de Pontedeume e de Galicia en xeral.

En escrito dirixido ao alcalde do Concello de Pontedeume con data 11 de decembro de 2006, fixemos exposición de todas estas cuestións e solicitamos que o Concello actúe en consecuencia co fin de solucionar o problema, para o cal suxerimos dúas propostas de actuación posíbeis:

- a) Instar á Comisión de Toponimia á eliminación do topónimo oficial A Herbosa por inexistente e así poder conservar na fala o nome orixinal.
- b) Instar á Comisión de Toponimia á revisión e corrección deste topónimo e os demais do concello con rigor e documentación, colaborar activamente no Proxecto Toponimia de Galicia e crear as bases dun sistema cartográfico e de sinalización viaria municipal eficiente.

2. O CONTEXTO XEOGRÁFICO DO LUGAR DA ARBOSA

2.1 Descrición do lugar

O lugar da Arbosa existe como tal e non soamente na documentación mencionada, ten personalidade de seu por se tratar dunha entidade xeográfica diferenciada coa súa propia historia. É unha pequena porción de territorio que se pode poñer como exemplo do xeito de ocupar o espazo na Galicia e a súa evolución co cambio dos tempos e dos costumes.

O lugar da Arbosa sitúase na beira leste da ría de Betanzos fronte á parroquia sadense de Carnoedo e moi preto da praia de Andaíó. É o final dunha suave pendente iniciada pola aba sur do dominante monte de Breamo caendo con certa brusquidade polos lugares de Sambollo, sempre en dirección sur, até formar a penechira de Boebre que se estende cara á ría baixando bruscamente en dirección noroeste formando a praia de Ver, ao oeste máis suavemente até rematar nos cantís e as calas de Paredes, o Coído e Insua, e ao sur polo lugar da Arbosa até rematar na praia de Andaíó e o Fondal de Perbes.

Xeoloxicamente o lugar pertence ao denominado Complexo de Ordes caracterizado, neste contorno, pola presenza dun macizo rochoso integrado por xistos areosos que se poden apreciar nos próximos cantís costeiros, xa que na zona non se pode ver hoxe en día outro tipo de afloramento. O litotipo presente no contorno é un xisto areoso de tamaño de gran fino, micáceo e de tonalidade agrisada ou avermellada que conserva a sombra da diáclase que afecta ao macizo rochoso e a textura planar do litotipo de orixe, atopándose tamén algunhas filonetas de seixo bastante fragmentadas. É o material que nalgunhas zonas se chama *tobre* ou *pena morta*. Por riba desta aureola de alteración existe un horizonte eluvial parcialmente edafizado de tonalidade pardo-avermellada, integrado tamén por limos areosos con predominio de fracción fina. Sobre el desenvólvese unha cuberta vexetal de carácter limoso con matriz arxilosa e tonalidade parda ou moura²⁵.

Climatoloxicamente o lugar está dentro do dominio climático oceánico húmido cunha media de precipitacións anuais de en torno a 1.500 e 2.000 mm., e unhas temperaturas medias de entre 7,5º e 10º en xaneiro e de entre 17,5º e 20º en xullo²⁶. Aínda que non hai datos climatolóxicos concretos referentes a este lugar, a experiencia da vida cotiá fai apreciar a existencia dun microclima determinado pola súa aberta exposición aos ventos fortes, cálidos e chuviosos do sur, predominantes nos meses de transición estacional, e aos fríos temporais de noroeste no inverno; quedando protexido do vento fresco polo monte de Breamo nos días de nordesía. De todos os xeitos estanse a notar nos últimos anos as consecuencias do cambio climático que afecta a todo o planeta.

Na parte sur do concello de Pontedeume, a parroquia de Boebre (Santiago) está formada por unha estreita franxa de terra “comprimida” entre a ría de Betanzos e territorios administrados polo Concello de Miño que mesmo chegan ao principal núcleo de poboación da parroquia nos lugares de Bollo e Parga. Esta franxa limita ao norte coa parroquia de Centroña, esténdese de norte a sur desde o lugar das Anduriñas e a praia de Ver até o lugar da Arbosa e o areal de Andaíó, que queda no extremo sur da parroquia. Polo vento leste linda coas parroquias miñenses de Vilanova e de Perbes e polo oeste co mar Ártabro.

Pola súa proximidade coa parroquia de Perbes e a praia coñecida polo mesmo nome, son moitos os veraneantes e residentes recentes que confunden e denominan así a sitios pertencentes ao lugar da Arbosa ou de Andaíó, non obstante é doado ver a separación onde rematan as beirarrúas e os farois de deseño, xa que aquí os límites de lugar e de parroquia son tamén de concello.

25. LÓPEZ-PRADO TEJEIRA, J. e REY MARTÍNEZ, B.: *Estudio Geotécnico para la cimentación de una vivienda unifamiliar en Boebre*. A Coruña, 2001.

26. FERNÁNDEZ GURRIARÁN, C.: Cít.

A propósito disto sería interesante noutro traballo profundar nas causas que levaron nos anos 70 a modificar os límites co Concello de Miño, desprazándose desde o regato dos Muíños que desem-boca na praia de Perbes (hoxe entubado), até onde se atopan arestora.

Unha esmerada descrición do lugar témola nun contrato de arrendamento datado a 27 de xullo de 1931 no que figura D. Román García Novoa como administrador-apoderado da súa nai Dna. Cristina Novoa Vázquez e como levador do arrendo Don Juan Santos Tenreiro:

Las diecisiete partidas relacionadas con interpolación de varias parcelas de distintos propietarios, puede considerarse como una sola finca constituyendo el lugar acasurado de la Arboza de un perímetro poligonal de forma irregular, que se describe así: Comenzando en la rivera mar y en dirección Norte, comprende la finca denominada Iglesiasario y después de monte de la misma denominación los denominados da Fonte y girando hacia el Este comprende los de Cepeira y luego en dirección Sur comprende la finca del Armeiro y la de labradío y monte de Campiñas y después girando hacia el Norte otra vez hasta un camino de carro y siguiendo este camino por el fondal del Armeiro hasta encabezar en la finca del Iglesiasario gira al Sur por el linde Este de dicha finca del Iglesiasario hasta la rivera mar en donde comenzó el deslinde, dentro de cuyo rodeo está comprendida la casa, labradíos, prados y montes descritos en las diecisiete partidas anteriores²⁷.

Pouco queda a día de hoxe do que debeu ser o lugar. O sitio da Fonte foi desbrozado recentemente e pódese ver o manancial que dá nome ao terreo, xunto unha morea de pedras, restos dalgũa construción pertencente á Igrexa que daría nome ao do Igrexario que hoxe está ocupado por unha urbanización de chalés individuais, pareados e apartamentos, o nome perdeuse. Apenas se traballa a terra nesta zona máis que nalgũa pequena horta de consumo familiar. Os terreos que non están ocupados urbanisticamente máis tarde ou máis cedo o acabarán estando e as perdas en micro-toponimia serán irreversíbeis.

2.2 Un lugar acasurado

Non imos polemizar sobre a complexa estruturación do territorio galego, sobre os conceptos de hábitat e de poboamento, de parroquia ou de aldea e das súas múltiples variantes²⁸. O que si trataremos é de determinar o que é un *lugar*.

Un lugar non sempre é unha aldea, trataríase máis ben dunha unidade territorial determinada por unhas calidades que a singularizan e que poden ser de moi distinto tipo: orográficas, hidrográficas, poboacionais, de cultivos, existencia dalgún elemento particular como unha fonte, un muíño, unha mámoa... Esta calidade senlleira e diferencial con relación aos lugares limítrofes é sempre a empregada polos habitantes e usuarios do lugar para referirse a el, dando orixe ao topó-

27. Arquivo herdeiros García Novoa.

28. Conf.: BEIRAS, X.M.: *O atraso económico de Galicia*. Ed. Galaxia, Vigo 1972, FARIÑA J.: *El hábitat gallego*. Diputación Provincial de A Coruña, A Coruña 1981 e *Los asentamientos rurales en Galicia*. IEAL, Madrid 1980, BOUHIER, A.: *L Galice essai géographique d'analyse et d'interprétation*. Ed. Do autor, Vendée 1979. SOUTO, X.M.: *Xeografía humana*. Ed. Galaxia, Vigo 1988, de TORRES, M.P. dir.: *Geografía de Galicia*. Vol. II. Xuntanza Ed. A Coruña 1986.

nimo que dará entidade a esa porción de territorio. Moitas veces o uso da terra ou o elemento diferenciador orixinal pérdese co paso do tempo ou o cambio nos costumes e soamente queda o nome do lugar como lembranza do que foi e das persoas que o viviron.

A Arbosa é un lugar dos chamados acasarados, constituído por unha casa única de labranza cos seus engadidos, o casar ou casal, e polas terras que están arredor formando un eido (leiras, hortas, eiras,...). Estas terras organizanse en *sitios* con cadanseu microtopónimo distintivo, esencial para a súa localización dentro do microcosmos minifundista do lugar.

A casa do lugar, coñecida como Casa Vella da Arbosa, está hoxe en ruínas, pero nos tempos non tan afastados en que foi habitada era unha casa das características do *Modelo n°2* descrito por Fernández Vázquez S.²⁹, planta rectangular de 8x5 metros aproximadamente, formada por baixo e sobrado, construída en cachotería de pedra de xisto e seixo con canterías de granito nos linteis e as machetas e tellada con tella do país. Na planta baixa un corredor comunicaba a eira, na parte anterior da casa, coa horta e o pozo na posterior, e que ademais servía de separación da corte do espazo habitacional cotián da cociña coa súa lareira e forno. No sobrado estaban os dormitorios da familia. No lintel da porta figura, medio esvaída, a data de 1763 (Ver ilustración 8).

Ademais, a casa tiña adega de igual aparello con parra, hórreo tipo *Cabanas*³⁰ e unha pequena palleira de madeira e tella.



Ilustración 3. A Casa Vella en 1980

29. FERNÁNDEZ VAZQUEZ, S.: “Cultura e cambio material. O significado das cousas a través do tempo”. Revista *Cátedra*, nº12. Pontevedra 2005. Páx. 331.

30. GEADA UZAL, A.: “Tipoloxía de hórreos na comarca do Eume”. Revista *Cátedra*, nº10. Pontevedra 2003. Páx. 20 ss.

2.3 A Arbosa na cartografía

Polo que respecta á repercusión cartográfica do lugar da Arbosa, é imposible atopar planos cunha escala inferior a 1:50.000 en que puidera aparecer representado un lugar tan pequeno antes dos anos 70. Unicamente existe un plano feito por encargo dos irmáns Prego García, herdeiros de García Novoa, realizado en febreiro de 1971 polo perito agrícola D. José Manuel Pose Silvariño da Coruña a escala 1:500, nesa data aparecen xa dúas construcións ademais da Casa Vella (Ver ilustración 4).




Ilustración 4. Plano do lugar da Arbosa, 1971

En cartografía máis actual, concretamente nas follas do Mapa Topográfico Nacional de España (E 1:25.000) pódese apreciar nidiamente o proceso de deturpación do topónimo. Así, na 1ª edición do MTN de 1991, pódese ver o lugar da Arbosa perfectamente indicado co seu nome verdadeiro e na situación que lle corresponde entre os concellos de Pontedeume e Miño. Non obstante, na 2ª edición de 2000 o nome aparece coa toponimia oficial deturpada A Herbosa e o lugar situado integramente no concello de Pontedeume³¹ (Ver ilustracións 5 e 6).



Ilustración 5. MTN 1ª ed. 1991




Ilustración 6. MTN 2ª ed. 2000

Pero máis rechamante é o resultado do traballo realizado pola Xunta de Ga-

31. Cf. INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL. MINISTERIO DE OBRAS PÚBLICAS Y URBANISMO. *Mapa Topográfico Nacional de España. Sada 21-IV (10-8)*. Madrid 1ª ed. 1991 e INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL. MINISTERIO DE FOMENTO. *Mapa Topográfico Nacional de España. Sada 21-IV*. Madrid 2ª ed. 2000.

licia a través do SITGA³² e dentro do Proxecto Toponimia de Galicia. Os mapas publicados polo SixPac (Sistema de identificación xeográfica de parcelas agrícolas) da Consellería de Medio Rural son idénticos aos do MTN aínda que figure a escala 1:23.000, e polo tanto figura idéntica localización e denominación oficial que naqueles. Por outra banda, nos publicados pola Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Vivenda a escala 1:5.000 na súa páxina web³³ obsérvase un curioso fenómeno: debido á relación de tamaño entre a escala do debuxo e o corpo da tipografía que informa das toponimias, hai espazo suficiente para dúas *Arbosas*: unha *Arbosa* no territorio pertencente ao Concello de Miño e unha *A Herbosa* no de Pontedeume e desprazado uns douscentos metros do lugar que lle correspondería (Ver ilustración 7).

A situación resulta máis absurda cando consultamos a cartografía catastral do Ministerio de Economía e Facenda³⁴ e comprobamos que nas súas máis recentes actualizacións (01/02/07) aínda non incorporaron a deturpación do topónimo, segue a ser A Arbosa, e sitúan o lugar onde sempre estivo.




Ilustración 7. Mapa da Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Vivenda

32. www.sitga.xunta.es.

33. N° da follla: 021-68.

34. ovc.catastro.meh.es/Cartografia.

3. HISTORIA DO LUGAR

3.1 O problema da documentación

Non é doado atopar documentación escrita que faga referencia a un lugar certamente pequeno³⁵. Xa quedou reseñada anteriormente a ausencia de alusións en fontes documentais de primeira orde para unha achega histórica dende a Idade Media até o século da Ilustración. Así pois, cómpre consultar a documentación privada que os veciños do lugar poidan ter, e contar coa súa colaboración. Neste sentido é moi importante a recuperación do Arquivo dos herdeiros de García Novoa por conter información abundante sobre este lugar e, en xeral, sobre un amplo territorio que abrangue os concellos de Mugardos, Fene, Ares, Cabanas, A Capela, Pontedeume, Monfero, Vilarmaior e Miño polos que se estendía o vasto patrimonio da familia. A través destes documentos pódese rastrexar a relación entre os propietarios e os traballadores da terra, e como evoluciona entre os séculos XIX e XX até chegar á situación actual.

3.1 Propiedades eclesiásticas

O XII e XIII son os séculos de apoxeo da sociedade feudal na que a terra, os froitos e as persoas son propiedade dos grandes mosteiros, da nobreza ou do rei. É unha época de bonanza económica e de certa seguridade e estabilidade, o que trae como consecuencia un aumento demográfico. O aumento da poboación fai que se caven novas terras e se colonicen novos espazos baixo a dirección dos mosteiros³⁶. É posíbel que fora nestes tempos cando comezou a explotación do lugar da Arbosa, certamente afastado do núcleo da freguesía, e mesmo puideron ter lugar as primeiras ocupacións habitacionais.

Como dixemos na alínea referida á descrición do lugar, unha boa parte do mesmo levaba o nome de Igrexario, polo que podemos supoñer que parte ou a totalidade do lugar foi pertencente á Igrexa. Esta suposición estaría avalada pola existencia dun documento datado o 17 de xullo de 1147 no que o rei Afonso VII doa ao mosteiro de San Xoán de Caaveiro tres igrexas de reguengo que posuía no arciprestado de Pruzos: Santa María de Doroña, Santa María de Centroña e Santiago de Boebre³⁷. Dende entón os de Caaveiro estarán a percibir rendas da freguesía de Boebre. Como testemuño unha acta notarial de 14 de setembro de 1240 na que os cregos e o cóengo do mosteiro³⁸ revisan as rendas das igrexas pertencentes ao mesmo, tanto en Pruzos como en Bezoucos .

A raíz da guerra civil entre os partidarios do rei Pedro I e os de Henrique de Trastámara no século XIV prodúcese o ascenso dos condes de Andrade. Son anos de guerras e revoltas, de peste e de crise demográfica nos que moitas terras abandónanse e a nova nobreza vaise facendo sitio aumentando o seu patrimonio, ás veces disputando cos grandes mosteiros polo dominio do terri-

35. Sobre as propiedades do mosteiro de Caión na parroquia de Boebre e San Xoán de Vilanova ver DAVIÑA SÁINZ, S.: "El monasterio de Caión y su hacienda en tierra de Pontedeume". Revista *Cátedra* nº 14, Pontedeume 2007. Sobre as cuestións toponímicas xurdidas dese artigo ver o post scriptum engadido ao final do presente traballo.

36. VV.AA.: *Historia xeral de Galicia*. Ed. A Nosa Terra. Vigo 1997. Páx. 146.

37. FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J.I., GONZÁLEZ BALASCH, M.T.: *El Monasterio de San Juan de Caaveiro*. Ed. Deputación Provincial, A Coruña 1999. Páx. 113.

38. Op. cit.: Páx. 223-225.

rio. Non é de estrañar, polo tanto, que os cregos de Caaveiro fixeran inventario das herdades do mosteiro usurpadas indebidamente polo conde D. Fernando de Andrade do tempo que os seus antecesoros tiveron en encomenda a colexiata³⁹. Na relación de propiedades alleadas figura Santiago de Boebre coas súas herdades.

Máis detalle ofrece Couceiro Freijomil ao respecto, citando un inventario de 1545 que posuía D. Cesar Vaamonde Lores no que se relacionan as propiedades de Caaveiro das que a familia Andrade se apropiara:

*Tres partes del beneficio de Santa María de Doroña, con los casares pertenecientes a la iglesia, que rentaban 13.000 mrs.; el beneficio de Santa María de Centroña, sincura que valía 18.000 mrs., y el de Santiago de Boebre, que valía 8.000 mrs., los cuales tres beneficios donó a la colegiata el rey Don Fernando en el año 1185 a las 10 de kalendas de agosto.*⁴⁰

Os séculos seguintes deberon ser de oscilacións na ocupación do lugar, seguindo a irregular dinámica do agro galego. Non temos noticias de aforamentos nas terras da Arbosa, e polo tanto non podemos saber as condicións de contrato en que se traballaron, pero a pervivencia do topónimo Igrexario até tempos actuais fai pensar que as rendas producidas serían recadadas pola igrexa de Boebre aínda que despois foran parar a mans dos de Andrade ou doutra dignidade, como se verá.

A mediados do século XVIII temos noticia da presenza dos condes, agora de Lemos, polo *Catastro do Marqués de la Ensenada*⁴¹, na detallada descrición da freguesía de Santiago de Boebre, en resposta á pregunta nº2: *Percibe dicha excelentísima Señora (condesa de Lemos) de todos los vecinos de la enunciada feligresía por razón de vasallaje setenta y quatro reales de vellón al año*. Non obstante tamén o convento de Santo Agostiño de Caión, o mosteiro de Monfero ou o cura párroco gozan beneficios en forma de décimos e primicias. Nótase o esmorecer do mosteiro de Caaveiro en que xa non figura entre estes beneficiarios, e o décimo correspondente á igrexa de Santiago (1.100 rr. por quinquenio) será percibido por *la Dignidad del arcedianato de Nendos*. Os de Lemos, pois, perciben dos veciños de Boebre por vasalaxe pero non polas terras, que rendan en diferentes institucións eclesíásticas.

Nos derradeiros anos do século XVIII, cando a desaparición total da actividade monástica en Caaveiro, hai un intento por parte do goberno de acordo co Papa de trasladar a colexiata e as súas rendas á parroquial de Ferrol, pero o proxecto non chegará a levarse a termo⁴². A colexiata queda de feito extinta co que as súas rendas quedan en suspenso á espera de novos destinos noutras igrexas e que nunca chegarán.

39. Cit.: Páx.333-334.

40. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Puente deume y su comarca*. Ed. Compostela. Santiago 1944. Páx. 67 (1). Respecto á orixe da doazón entre os reis Afonso VII ou Fernando II, cfr. Fernández de Viana cit. Páx. 113.

41. DAVIÑA SÁINZ, S.: "Las Parroquias de la jurisdicción de la villa de Ponte deume a través del interrogatorio del Catastro de Ensenada". Revista *Cátedra*, nº 9. Ponte deume 2002.

42. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: Op. Cit. Páx. 68. CORREA ARIAS J.F.: "Caaveiro e a crise do Antigo Réxime". Revista *Cátedra*, nº 3. Ponte deume 1996.

3.2 Propietarios e levadores

Xa no século XIX, o 80 % do campo español era propiedade de “mans mortas”, principalmente do clero, que gozaba aínda de décimos e primicias, censos, dereitos señoriais e exencións tributarias, o que representaba un serio obstáculo para a modernización dos sistemas produtivos agrarios. Dende finais do século anterior comezaran a tomarse tímidas medidas reformadoras, pero sería neste cando se adoptasen as iniciativas máis determinantes. A Lei de bens nacionais promovida por Mendizábal en 1837 é unha delas, e pode ser a orixe do paso a propiedade particular de parte das terras do lugar da Arbosa, aínda que non necesariamente de todas, incluíndo a casa.

Efectivamente, se tomamos a casa do lugar como referente vemos que, como quedou indicado anteriormente, ten gravado o ano de 1763 no seu lintel (Ver ilustración 8) e a documentación máis antiga que temos sobre ela é unha escritura de compra-venda de 30 de abril de 1855 na que figuran como vendedores os irmáns Juan e Josefa Pérez, propietarios da casa en segunda xeración. Descoñecemos como puido adquirir a propiedade o seu pai Andrés, pero o que si achega a escritura é unha boa descrición do casal:

*Juan y Josefa Perez hijos de Andrés difunto (...) digeron: que por herencia de su citado padre son dueños y legítimos posehedores de una Casa en el **Lugar da Arbosa** en la indicada Parroquia, que con sus salidos, Huerta, Pumar, y mas á ella anesco hace la sembradura de tres ferrados cumplidos, y propios que testan por todos los lados con Andres da Leyra de la referida Parroq^a.; como asi bien, y por igual concepto lo son de la tercera parte de un Lagar inmediato á la referida Casa, siendolo de las otras dos terceras partes, el insignuado Andres da Leyra, (...) otorgan (...) al Andres da Leyra (...) en cantidad de mil y setecientos rr.⁴³*

Non hai dúbida de que D. Andrés da Leira (ou Leyra) e a súa dona Josefa dos Casás (ou Cazás), propietarios de todas as terras que arrodean á casa e máis 2/3 do lagar, fanse cunha boa parcela con esta operación. Todo parece indicar que se trata dun rico propietario, pero as súas propiedades non o son por moito tempo. Dende xaneiro a outubro do mesmo ano de 1855 realiza catro vendas baixo pactos de retrocesión a diferentes prazos a Dna. Juana

Ilustración 8. Lintel da porta da Casa Vella da Arbosa



43. Arquivo herdeiros de García Novoa. Mantemos as grafías orixinais nesta e nas seguintes transcricións da mesma fonte, pero as negras son nosas.

Martí de Pontedeume, viúva do avogado D. Nicolás Roberes Tomasi. En total vende 39 lotes de terras da parroquia de Boebre por valor total de 4.880 rr. Incluídos abundantes terreos no lugar da Arbosa. A casa, na que probablemente xa residían como colonos no momento da compra o 30 de abril, é vendida, xunto con outros lotes, tamén baixo a mesma fórmula con data 2 de maio por un valor total de 2.000 rr. pero tendo recibido un adianto de 1.767 rr., os que probablemente se empregarían no pago da mesma casa aos seus anteriores propietarios. Curiosas operacións nunhas persoas que nin sequera saben asinar os contratos.

As vendas con pactos de retrocesión pódense entender como préstamos de capital nos que a propiedade dos bens vendidos pasa temporalmente a mans dun comprador-prestamista até que, dentro dun prazo pactado na escritura, o vendedor poida reintegrar o importe da venda. Despois de transcorrido o prazo pactado sen facer efectiva a retrocesión, a venda quedaría consolidada e a propiedade pasaría definitivamente a mans do comprador. O estraño deste sistema é que no contrato non hai explicitación dos intereses que o prestameiro sen dúbida tería que aboar ao prestamista e que probablemente residirían nunha posíbel inferioridade de importe real pagado na suposta venda con respecto ao prezo indicado na escritura.

O certo é que con data 29 de xullo de 1858 e antes que rematara ningún dos prazos para facer efectiva a retrocesión, as catro operacións quedan resoltas facendo efectivo o seu debe D. Andrés da Leira como así o asina a súa debedora Dna. Juana Martí nas respectivas escrituras. A suma de 4.880 rr. debía ser unha importante cantidade, especialmente para unha persoa do perfil do da Leira: analfabeto, habitante nun casal illado e, na época, remoto, supoñemos que agricultor...

Efectivamente, no mesmo día que facía as retrocesións mencionadas outro personaxe, D. Ignacio Novoa, compraba todos os bens en cuestión; en total 37 partidas, todas elas na parroquia de Santiago de Boebre agás a 1ª, a 2ª e a 3ª pertencentes á de San Pedro de Perbes. Todas estas partidas *han sido mensuradas, tasadas y rejuntadas por el perito agrimensor titulado Dn Tomas Lorenzo Baamonde, que acetó dicho encargo a instancia y por conformidad e los interesados, estimando las dichas fincas, atendiendo á su estado actual en la cantidad de ocho mil reales, en prueba de lo cual firma tambien el presente contrato.* Dende logo a precisión e profesionalidade na elaboración do inventario relacionado na escritura non é moi frecuente na época, vexamos se non a descrición que fai do casal do lugar da Arbosa:

Y finalmente la casa principal donde actualmente habita compuesta de cocina horno de cocer pan, su sala, cuadra pª ganado y mas oficinas cubierto el techo de teja, las paredes de pizarra dos puertas que dan entrada a la mª, sus correspondientes luces corral cubierto parte de el de parra y una bodega y lagar de madera dibidido ó separado de la casa matriz por el dicho corral cubierta la bodega y lagar tambien de teja su aira salidos y huerta poblada de arboles frutales, que todo ello hará en sembradura siete ferrados bien cumplidos, y se halla cerrada de sobre si con muro y zarzales.

O aspecto da casa debía ser moi parecido a como foi até o seu abandono nos anos 80 do século XX (Ver ilustración 3).

A descrición das leiras e a taxación do conxunto conclúen do seguinte xeito:

Si todo lo relacionado es un hecho cierto, no lo es menos cierto el q despues de conferenciar el de Leira y su muger con D Ignacio Novoa vecino y del comercio de esta dicha Villa lo que a unos y a otros combenia mejor a sus utilidades y ventajas y con el objetode recobrar tambien los mencionados bienes de poder de D^a Juana Martí de esta vecindad a quien tubiera la precision de retorberlos p^a cubrir creditos que quedaron de sus ascendientes de quien proceden dichas fincas se decidieron la muger en funcion de la licencia octenida de dicho su esposo, la parte que hace en los referidos vienes y el marido la suya, de venderlos como desde ahora y por el tenor de la presente se los venden y firmemente remata a D Ignacio en la forma en que mas en dro valiese sea por la mencionada cantidad de los ocho mil reales que en este acto y en monedas de plata le entrega (...)⁴⁴.

O tal D. Ignacio liquida a débeda contraída para recobrar os bens do poder de D^a Juana Martí, pero esas propiedades nunca volverán a mans de D. Andrés da Leira, malia seguir a traballar as terras e residindo na casa do lugar da Arbosa.

D. Ignacio Novoa González é un próspero comerciante, maragato de orixe, que nace en torno a 1824 en Canalejas (León) e comeza os seus negocios como moitos dos seus paisanos, facendo a ruta galega dende Castela coa recua de mulas traendo millo, viño ou panos e levando curtumes ou salga. Afincase en Pontedeume, casa cunha mugardeza, Dna. Benita Vázquez de San Vicente, e instala na vila o seu comercio no que vende todo tipo de xénero. O caso de D. Ignacio é prototípico dunha época na que o baleiro dunha clase burguesa comercial ou industrial autóctona, nunha sociedade aínda de Antigo Réxime, é cuberto por persoal foráneo e o capital xerado polas súas actividades comerciais é investido nas desamortizacións e, en xeral, na adquisición de patrimonio. Compra terras e casas por toda a comarca: Pontedeume, Castro (actual Miño), Cabanas, Ares, Mugarfos, Fene, A Capela, Monfero ou Irixoa, facéndose cun importante capital. De feito, cando realiza a operación de Boebre xa figura como testante en varias das fincas descritas no contrato, co que a súa propiedade na parroquia non se limita só a esta adquisición. Ademais, moitas destas terras estaban cargadas con foros e outro tipo de rendas, co que D. Ignacio pasará a formar parte desa burguesía rendista remisa ás modernizacións do sector agrario ou á transformación nunha burguesía industrial⁴⁵.

D. Andrés da Leira seguirá traballando as terras de D. Ignacio no lugar da Arbosa xunto con outro colono, D. Antonio Vales, como sinala un informe anónimo con data 20 de abril de 1859 encargado para recoñecer e dividir as leiras do lugar. Mesmo volverá facer outra venda o 6 de agosto ao mesmo D. Ignacio de 19 fincas en Boebre e outras 3 en Perbes o día 6 de agosto do mesmo ano por 1.200 rr. *para atender al pago de varios créditos, anticipo que les hizo de contribuciones y en frutos suministrados para su alimento.*

44. Íbid.

45. VV.AA.: *Historia xeral de Galicia*. Ed. A Nosa Terra. Vigo 1997. Páx. 305, 306.

Nos exemplos anteriores vemos unha notábel “profesionalidade” nos métodos de D. Ignacio para acceder á propiedade (recurso a peritos agrimensores, realización de informes, compra de débedas), pero non son os únicos empregados:

O día 9 de abril de 1860 o grupo de herdeiros Marcos, Luis e Anselmo Pérez, irmáns, curiosamente veciños de Aranga e propietarios de 19 lotes de terra na parroquia de Boebre, algúns localizados no lugar da Arbosa (recordemos que os primeiros propietarios da casa do lugar de que temos noticia son uns herdeiros de Andrés Pérez. Coincide o apelido). Como algunhas das partidas son tenzas en mixtión con outras, os vendedores, ante as dificultades atopadas para esclarecer a súa existencia, presentáronse ante D. Ignacio que merca a herdanza ao prezo de saldo de 160 rr.

Outras maneiras de acceder á propiedade son vía embargo ou, máis exactamente, mercando bens por valor de débedas contraídas por vendas a crédito no seu comercio de Pontedeume e que os paisanos non son quen de liquidar por non haber diñeiro e así pasan de ser propietarios a arrendadores. Dous exemplos⁴⁶ ilustránnos, tanto esta maneira de aumentar o capital de D. Ignacio, como as carencias do campesiño galego do XIX:

En Pontedeume, o 19 de outubro de 1857, Dna. Josefa Carballeira esposa de D. Andrés Varela *ausente y sin que se sepa su paradero hace largo tiempo*, veciña de Pilleiro en Boebre, manifesta que D. Ignacio Novoa *le ha suministrado en frutos para alimentarse, paño para abrigo de sus carnes y mas efectos de su comercio, como asi bien en dinero efectivo para pago de contribuciones y otras atenciones suyas, hasta la cantidad de 307 reales (...); y como no se encuentra en la actualidad con dinero para pagar dicho credito, convencida de la justa reclamación que se hace se apersonó al Sr Novoa y le propuso la tomase bienes en equivalencia.*

En Pontedeume, o 7 de setembro de 1859, D. Pedro Rodríguez e a súa muller Dna. Josefa Domínguez liquidan contas ante D. Ignacio Novoa resultando en descuberto *procedentes de frutos que les ha suministrado para su alimento, hacer la siembra de sus tierras, sayal para la mortaja de su madre y de trigo de pensiones vencidas por bienes que llevan de dicho señor; hasta la cantidad de 385 reales (...); y que como este tratase de estrecharles al pago, se abocaron al mismo proponiéndole les tomase bienes en equivalencia.* Na mesma data faise o contrato de arrendamento polo que se comprometen a pagar 60 rr. ao ano por traballar as terras que foran da súa propiedade.

Entrementres, polo lugar da Arbosa sucédense os levadores, a Andrés da Leira séguese Domingo Pazos de San Xoán de Vilanova, que non parece interesado en seguir coa levanza e presenta a Juan López, veciño da parroquia de Sta. María de Castro lugar de Bañobre, que se *espon-tanea a la levanza* das ditas terras con data 16 de setembro de 1861.

Outro método utilizado, aínda que non nos conste na parroquia de Boebre, é a compra en subastas de desamortización, como a que aparece convocada no *Boletín Oficial de la provincia de La Coruña* con data 30 de maio de 1860 e á que concorre D. Ignacio para adquirir un terreo incul-

46. Arquivo herdeiros de García Novoa.

to de 6/7 de ferrado de mediana calidade no lugar de Campolongo na parroquia de Andrade preto do Cruceiro, non parece de moito valor pero a taxación oficial é de 160 rr. e pasa a propiedade de D. Ignacio Novoa como mellor ofertante pola cantidade de 310 rr. A venda xudicial faise consonte as leis de 1º de maio de 1855 e 11 de xullo de 1856 das que informa na escritura impresa o xuíz de 1ª Instancia da Vila de Pontedeume e o seu partido D. José García Centeno. Este sistema de compra, ademais de servir para engrosar o xa considerábel patrimonio de D. Ignacio, vaille permitir entoar relacións máis aló das simplemente comerciais co amentado xuíz de Pontedeume.

En efecto, o capital de D. Ignacio no lugar da Abosa vai aumentando paseniñamente, como no resto da parroquia e mais da bisbarra. D. Ignacio é un home rico e certamente poderoso, a súa posición como cacique da comarca está plenamente consolidada, soamente lle falta acadar a fidalguía. Esta vaille chegar da man de D. José García Centeno-Portela-Álvarez de Barcia⁴⁷, natural de San Salvador de Pazos de Arenteiro e casado con Dna. Jesusa Teresa Espinosa Salgado, descendente de familia fidalga con escudo de armas, de orixe en Ledesma, Salamanca, e moitas propiedades nesa provincia e mais nas de Pontevedra e Ourense⁴⁸. Non é de estrañar que ambos os dous poderosos tiveran boa relación, e mesmo é posíbel que a voda entre Dna. Cristina, filla única de D. Ignacio, e D. Pío, fillo de D. José, fora concertada entre as familias como adoitaba a época. O certo é que con este matrimonio en 1878 fúndense as dúas familias nunha, a García-Novoa, propietaria dun pequeno imperio que seguirá aumentando por unha xeración máis, e polo que será perceptora de numerosas rendas.

O estilo de cacique de D. Pío García Espinosa será moi diferente do sogro, pasará á historia por ser o artífice da penúltima reconstrución do mosteiro de Caaveiro e nese proxecto empregará unha parte non pequena do patrimonio familiar. Aínda así fará tamén por incrementalalo con algunha desamortización, pero ningunha na zona que nos ocupa neste informe.

En 1906 morre D. Pío, quedando como administradora da fortuna a súa viúva Dna. Cristina que aumenta as propiedades do lugar da Arbosa con dúas permutas en 1913, unha compra en 1922 e outra permuta en 1925. Con isto rematarán as adquisicións de terras neste lugar por parte da familia García-Novoa, quedando a propiedade como foi descrita máis arriba no arrendamento asinado en 1931 a favor do colono D. Juan Santos Tenreiro.

A administración do patrimonio familiar quedará pronto en mans do fillo primoxénito de Dna. Cristina Novoa, o avogado D. Román García Novoa, con poder da súa nai para levar ao cabo actividades mercantís co patrimonio. Nesta época renóvanse e révisanse os arrendamentos de vello, rexístranse en libros os cobros das rendas, non hai practicamente adquisicións novas e si comezan a venderse algúns terreos.

47. LUGILDE ARIAS C., CORREA ARIAS J.F.: "Don Pío García Espinosa e o breve renacer de Caaveiro". *Revista Cátedra*, nº3. Pontedeume, 1996. Páx.203. Neste artigo indicase que D. José García Centeno fora xuíz na Cañiza e na Coruña, o que non desmentimos, pero a súa condición de xuíz de 1ª Instancia en Pontedeume consta no documento de desamortización citado así como noutros similares do Arquivo dos herdeiros de García Novoa.

48. *Ibid.*

É precisamente nun deses libros de rendas onde, con data 13 de decembro de 1912, queda rexistrado o arrendo de Dna. Catalina Vilariño Casal sobre a casa e tamén de 32 terreos rústicos, a meirande parte deles no lugar da Arbosa. Pagará polo arrendo 1.100 rr. cada mes de xaneiro por ano vencido e cada mes de agosto 5 ferrados e medio de trigo pola colleita correspondente. Non temos noticia documentada doutros levadores posteriores á mencionada anteriormente de D. Juan López en 1861, o que si sabemos pola neta de Dna. Catalina Vilariño é que a súa avoa naceu na casa do lugar, polo que se deduce que era filla dos colonos sucesores deste.

O estado da casa por estas datas de principios de século XX debía ser moi malo, como testemuña o libro de rendas no que se rexistra que o pagamento do trigo correspondente a 1915 foi destinado a retellar a casa ou, nunha nota marxinal, que desde 1917 se gastaran 639,80 rr. en obras.

Tamén da época da administración de D. Román é o mencionado arrendo de 1931, que non é máis que unha renovación do contrato con Dna. Catalina Vilariño asinado agora polo seu home D. Juan Santos Tenreiro. Estes contratos, que a maior parte das veces se facían verbalmente, fanse agora en papel impreso e por prazo de tres anos renovábeis. Faise constar tamén a renda de 1.300 rr. cada xaneiro e de 17 ferrados e medio de trigo cada agosto, suba que se corresponde a un incremento en 1924 das terras contratadas. En 1937 deixan de rexistrarse os cobros das rendas⁴⁹.

3.3. A situación actual

Dna. Cristina Novoa Vázquez morre en 1939 e a herdanza repartírase, despois de anos de preitos, entre os oito fillos que queden con vida. As terras do lugar da Arbosa serán herdadas pola súa filla Dna. Cristina García Novoa casada co avogado e recadador de contribucións na Coruña D. Gonzalo Prego Punín. Tras a morte desta en 1968, ficarán divididas entre os seus trece fillos. As terras do Igrexario foron vendidas a mediados dos anos 70 do século XX por Dna. Ángeles Prego García ao Sr. Gancedo, promotor inmobiliario de Lugo, que construíría unha urbanización de chalés individuais e pareados e apartamentos que cambiaría definitivamente a paisaxe e contribuíría á perda do topónimo que posuía o terreo. D. José Luis Prego García construíría en 1978 a casa na que actualmente reside nunha leira chamada Arbosa ou Diante da Aira, xusto fronte á Casa Vella. O seu fillo menor, que subscribe este informe, construírá tamén en 2002 a súa residencia na finca chamada Armeira ou Armeiro.

O derradeiro levador do lugar, D. Juan Santos Vilariño (Juan da Arbosa), aínda utilizará a Casa Vella para manter os seus animais e trebellos até os primeiros anos 80 (Ver ilustracións 3 e 9) e paseniñamente irá deixando de traballar as terras dos herdeiros de García Novoa. A súa residencia trasladarase á chamada Casa Nova da Arbosa falecendo no ano 1986. A súa viúva Dna. Filomena Varela Tenreiro e as súas fillas Dna. Pilar e Dna. Carmen Santos Varela aínda residen no lugar con cadansúa familia.

Na actualidade aínda quedan algunhas propiedades en mans dos irmáns Prego García sobreviventes ou de membros da seguinte xeración, pero non todas as propiedades do lugar foron

49. *Libro de rentas y pensiones forales, pertenecientes a la Casa García Novoa de Puente deume. 2º Tomo: Mugar dos, Puente deume y Villarmayor.* Arquivo herdeiros de D. Ignacio Novoa.



Ilustración 9. Estado actual do casal da Arbosa

sempre desta familia, moitas son as leiras que foron cambiando de mans e moitas as que foron edificadas. A terra xa practicamente non se traballa e o valor venlle dado polo seu potencial como solar para a construción non polos ferrados de sementeira de centeo como antano. A fisionomía da Arbosa agora é a mesma que na práctica totalidade do litoral galego, con moita edificación e cada vez menos agro e menos natureza. O único que resta do lugar da Arbosa é o seu nome, polo que se o esquecemos ou o deturpamos estaremos destruíndo, ademais dunha pequena parte do patrimonio de todos, unha grande parte da memoria e da existencia das persoas que viviron estas terras. Por nós mesmos e polos nosos fillos e descendentes, temos a obriga de conservar, cando menos, o nome do lugar da Arbosa.

*A Juan Santos Vilariño “Juan da Arbosa” (DEP) e familia.
A Arbosa, abril de 2007*

POST SCRIPTUM

Dous meses despois de rematar a redacción deste traballo presentouse ao público o nº 14 da revista *Cátedra* correspondente ao ano 2007. Nel publícase un interesantísimo artigo con información que parece contradicir parte do exposto. De seguido paso a comentar estas novidades.

O artigo, asinado por D. Santiago Daviña Sáinz, leva por título “El monasterio de Caión y su hacienda en tierra de Pontedeume”. No parágrafo 3. Propiedades que tuvo el monasterio de Caión en tierras de Pontedeume, o autor transcribe unha copia do libro tomo orixinal do extinguido mosteiro de Caión (traslado completo do orixinal) localizado por el no arquivo da Real Academia Galega. Trátase dun documento *manuscrito confeccionado en el siglo XVII (...) en el que se contienen referencias a documentos que van desde el siglo XVI hasta finales del siglo XVIII (sic)*.

En diferentes lugares deste documento, e con datacións situadas na ampla marxe abranguida entre os séculos XVI e XVIII (as máis concretas son os anos 1643, 1689 e 1687), aparecen topónimos como *Cal da Herbossa, la Herbossa, término de la Herbossa, monte Do Cal da Erbossa*

ou *camino da Herbossa*, todos situados na parroquia de Boebre. Xustifica esta documentación o ditame da Comisión de Toponimia?

Non é a miña intención descualificar ou desvirtuar o valioso traballo documental de D. Santiago Daviña, pero para os efectos concretos de ditame de topónimos é, cando menos, moi arriscado cinguirse a este documento en exclusividade polos seguintes motivos:

Trátase dunha copia manuscrita dun libro tomo orixinal desaparecido, feita polos monxes do mosteiro de Caión a partir de documentos redactados por escribáns de Caión (Bartolomé Gómez é un dos citados). Isto implica unha considerábel distancia, tanto no espazo como no tempo, entre a recollida oral da información toponímica e a súa transcripción definitiva no documento que chega até nós. Este feito obriga a adoptar as necesarias cautelas, e polo tanto non se pode afirmar unha relación de implicación directa entre a forma escrita documentada do topónimo e a forma real de uso no lugar que fora máis aló dunha simple hipótese e que tería que ser demostrada con documentación máis fiable.

Ademais, no século XVII esa distancia no espazo sería virtualmente moito maior que na actualidade. Iso non faría estrañar que un escribán ou un monxe de Caión, no momento de transcribir un topónimo que lle chega “de ouvido” acudira aos seus referentes máis próximos provocando consciente ou inconscientemente a deturpación. A escasos 15 km de Caión, na parroquia de Cambre do próximo concello de Malpica de Bergantiños, existe un lugar chamado A Herbosa.

No caso de aceptar estes documentos como referente necesario xustificador do ditame do topónimo A Herbosa, e aceptando a desaparición do *ss* pola ortografía moderna, deberíase aplicar idéntica categoría a outros topónimos que aparecen no mesmo documento. Por exemplo: Osamorro por Chamorro, Comonuebo por ¿Camoucelo?, Oscurras por Os Currás, Dosiño por do Siño, Belo por Belo, Surio por Curío, La Coruña, Orensse, Orol, Puentes Deume, Puente Deume, Hespaña...

O día 19 de setembro de 2007 foi entregado no Concello de Pontedeume un escrito, case idéntico ao entregado o 11 de decembro de 2006 e descrito no apartado 1.7 do presente, dirixido ao novo alcalde no que se expoñía a cuestión do conflito toponímico do lugar da Arbosa e se solicitaban accións por parte do Concello dirixidas a solucionalo de maneira satisfactoria para os veciños do lugar. No día de entrega deste traballo non se recibira aínda resposta ningunha.

A Arbosa, decembro de 2007

APÉNDICE I

Nomenclátor oficial do Concello de Pontedeume e as súas parroquias segundo se publica no Decreto 189/2003, do 6 de febreiro (DOG do 25 de marzo):

CONCELLO DE PONTEDEUME			
Andrade (San Matiño)	Boebre (Santiago)	Breamo (San Miguel)	Centroña (Santa María)
-Barreiro, O -Campanilla, A -Campolongo -Castros, Os -Covés -Loureiros, Os -Ogrobe -Pazos* -Pia, A -Regueira, A -Valdeviñatos -Vidreiro, O	-Belo -Curio -Herbosa, A* -Parga -Pilleiro, O -Sisto, O -Ver* -Xabroal, O	-Allegue -Barro, O -Cermuzo -Fontenova, A -Gunturiz -Pedridas, As -Veiga, A -Vilamoire -Vista Alegre	-Allón -Caldagueiro* -Castro -Centroña -Portiño, O -Ventosa -Vizús
Nogueirosa (San Cosme)	Ombre (Santa María)	Pontedeume (Santiago)	Vilar (San Pedro)
-Ameneiral, O -Barral, O -Cabria Vella -Campo de Cosme -Capela, A -Castelo, O -Castro, O -Cruz do Cabildo, A -Esteiro -Figueirido -Goive de Arriba -Graña, A -Lourido, O -Pillada, A -Pontellas, As -San Cibrao* -San Cosme -Silvar, O -Viña, A	-Bouza Longa -Bufarda -Cabria Nova -Chao de Ombre -Mediña, A -Orela, A -Outeiro -Peteiro, O -Portela* -Rega, A -Regueira, A -Riolongo -Sobrado -Viso, O	-Pontedeume	-Barro, O -Campo Longo -Chao de Vilar -Cornide -Fonte Melendre -Igrexa, A -Torre, A

*Non figuran na actualización de 1986 (Millán González-Pardo, I.)

APÉNDICE II

Relación de microtopónimos da Parroquia de Boebre extraídos do Arquivo dos herdeiros de García Novoa:

Abellón	Cabadas	Cortiña de Pilleiro	Penedos
Andahío	Calexón	Corío	Pereira
Andaío	Camoucelo	Curío	Pilleiro
Andarahío	Carballo, O	Diante da Aira	Sobre da Aira
Arbosa, A	Carneiro	Espiñeira	Só os Chaos
Ardeleiros	Casa Nova	Feliz	Só os Cómaros
Armeiro	Casa Vella	Fonte, A	Toural
Auga Mexa	Campiña	Fonte de Santiago	Velo
Balado	Cepeira	Gransoso	Vieiteiro
Barreiros	Chanca, A	Iglesario	Xabroal
Barrosa, A	Coba	Insua	Xunqueira
Ber	Cobas	Muiños	Zancos, Os
Berruga, A	Cómaros	Mexote	
Bollo	Conde	Navás	

